

## INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS (Art. 116.3.f) LCSP)

- **Descrición do obxecto do contrato:** “Servizo de redacción dos plans especiais de protección e reforma interior dos dous ámbitos delimitados polo PXOM como zonas ambientais de casco antigo (Z.A.C.A.) Concello de Marín”.

- **Medios necesarios para a execución do contrato:** Debido ás diversas prestacións obxecto do contrato será necesaria a selección de persoal, cualificado tecnicamente, suficiente para manter en todas as quendas os mínimos requiridos, e cumprir coas condicións laborais de xornada, horarios, descansos e demais estipulados pola lexislación vixente e o convenio sectorial.

En aras de levar a cabo a correcta tramitación do expediente de contratación, **INFÓRMASE da xustificación da insuficiencia de medios materiais e persoais** para a correcta execución das prestacións, segundo dispón o artigo **116.3.f) da LCSP**.

### a) Medios persoais:

En virtude da Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente en data 12.07.2017 (BOP n.º 144 de fecha 28.07.2017), non existe persoal adecuado e suficiente para desenvolver de forma adecuada o obxecto do presente contrato, xa que o persoal existente na actualidade, dada a carga de traballo existente, carece de tempo dispoñible para levar a cabo ditas tarefas ou carece da cualificación técnica necesaria para a execución con solvencia o presente contrato, polo que é necesario recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública.

Desta forma, dada a carga de traballo existente, non é posible desenvolver as tarefas obxecto do mencionado contrato de servizos, non dispoñendo tampouco de persoal con cualificación para o desempeño do mesmo.

Por outro lado, segundo o artigo **20.dous da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 prorrogados para o ano 2024**, a taxa de reposición de efectivos prevista non permite a contratación do persoal preciso para o desempeño das funcións.

CSV: 07E800140E9200M6W7D3B7J1G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800140E9200M6W7D3B7J1G3 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO143-006</b>
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 03/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/07/2024 12:42:41	Fecha: 03/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Así mesmo, en virtude do artigo **20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 prorrogados para o ano 2024**, non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Polo exposto, sen entrar a valorar a conveniencia da **posible ampliación dos mesmos**, como expón o Tribunal de Contas nos seus informes de fiscalización, entre outros, o nº 1066 de 20 de decembro de 2014, e o antigo artigo 202.1 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, esta posibilidade atópase vedada en virtude dos anteditos artigos.

#### **b) Medios materiais:**

Por outra parte, o Concello carece de medios materiais efectivos adecuados e suficientes para levar a cabo en prazo a actuación, polo que razóns de eficiencia técnica e organizativa encamiñadas a cumprir o obxectivo da execución do contrato determinan a necesidade da contratación externa.

En Marín, na data da sinatura electrónica  
(Documento firmado electronicamente)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800140E9200M6W7D3B7J1G3 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 03/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/07/2024 12:42:41	EXPEDIENTE : 2024CO143-006 Fecha: 03/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------

